

38 | XANEIRO 2021

# NUMAX PRESENTA:





Librería



**Libro  
do mes**

**Os paxaros  
e outros  
poemas**  
Daniel salgado

XERAIS  
12.50 €



**Mamá  
pelicano**  
Alicia  
Fernández  
ESPIRAL MAIOR  
14.00 €



**Voz do  
arqueiro**  
Antón Blanco  
Casás  
CHAN DA PÓLVORA  
13.00 €



**Gordo de feria**  
Esther García  
Llovet  
ANAGRAMA  
16.90 €



**El evangelio  
según  
María  
Magdalena**  
Cristina  
Fallarás  
EDICIONES B  
19.90€



**Una familia  
en Bruselas**  
Chantal  
Akerman  
TRÁNSITO  
13.90 €



**Delatora**  
Joyce Carol  
Oates  
ALFAGUARA  
18.90 €



**Algo  
temporal**  
Hilary Leichter  
ALPHA DECAY  
20.90€



**Pero hermoso.  
Unlibro de Jazz**  
Geoff Dyer  
LITERATURA RANDOM  
HOUSE  
16.90 €



Librería




**Como un ladrón en pleno día**

Slavoj Žižek

ANAGRAMA

18.90 €



**Loving. Una historia fotográfica**

Hugh Nini / Neal Treadwell

DUOMO

49.00 €



**As mil vidas de Dorotea**

Lorena Conde

CUARTO DE INVIERNO

12.50 €



Cinema

Filme  
do mes



**i** Copia  
restaurada  
en 4K

## **CRASH** ESTREA 29 XAN

**David Cronenberg, 1996, 100',  
ING, VOSE, +18**

Con James Spader, Holly Hunter

Unha noite, James Ballard estrea o seu coche contra o de Helen e ambos son ingresados nun hospital. Xusto despois do accidente ambos experimentan una estraña atracción mutua. A partir de entón, a vida de James vaise precipitar cara a un mundo escuro e prohibido, dominado polo perigo, o sexo e a morte.

**🏆 Premio Especial do Xurado Cannes 1996**



## **A MEDIA VOZ** ESTREA 1 XAN

**Heidi Hassan / Patricia Pérez Fernández, 80', ESP, VO, TP**

Dúas amigas de infancia tentan reconstruírse lonxe de Cuba afrontando os retos da emigración. A través da correspondencia audiovisual artellan o diálogo deste documental auto-etnográfico íntimo e revelador.

🏆 **Mellor Dirección Documental Málaga 2020**



## **DESEXANDO AMAR**

**ESTREA 8 XAN**

**Wong Kar Wai, 98', 2000, ZH, VOSE, +12**  
Con Tony Leung Chiu-Wai, Maggie Cheung,

Hong Kong, 1962. Chow múdase coa súa muller a un novo edificio e coñece a Li-zhen, unha moza que acaba de instalarse alí co seu home. Un día, ambos descubren algo inesperado sobre as súas respectivas parellas.

🏆 **Mellor Actor, Fotografía e Montaxe Cannes 2000**



## **FELLINI DOS ESPÍRITOS**

**ESTREA 15 XAN**

**Selma Dell'Olio, 100', IT, VOSE**

Documental que conta, por vez primeira, o mundo invisible, espiritual e sobrenatural de Federico Fellini a través de extraordinarios materiais de arquivo inéditos, imaxes dos seus filmes e entrevistas exclusivas.




## **O PROFESOR DE PERSA**

**ESTREA 22 XAN**

**Vadim Perelman, 127', FR, VOSE**  
Con Nahuel Pérez Biscayart, Lars Eidinger

Francia, 1942. Gilles é arrestado por soldados das SS e enviado a un campo de concentración en Alemaña. Alí consegue evitar a execución ao xurar que non é xudeu, senón persa, pero terá que ensinar un idioma que non coñece a un dos oficiais do campo, interesado en aprendelo.

🏆 **Gran Premio do Público Sevilla 2020**



Martes 12 e sábado 16 de xaneiro

## **ALMASSEN CONCIENCIA**

(Il bidone, 1955, 95')

Con Broderick Crawford, Giulietta Masina

Tres estafadores que operan en Roma, Augusto, Roberto e Picasso, preparan un golpe coa axuda doutro timador, coñecido como «O Barón». Este agárdaos nunha solitaria estrada para lles dar as instrucións.

Martes 19 e sábado 23 de xaneiro

## **FELLINI, OITO E MEDIO (8½)**

(Otto e mezzo, 1963, 140')

Con Marcello Mastroianni, Claudia Cardinale

Despois de acadar un rotundo éxito, un cineasta atravesada unha crise de creatividade e tenta inutilmente facer un novo filme. Comeza a pasar revista aos feitos máis importantes da súa vida e a lembrar a todas as mulleres que amou.

🏆 Mellor filme de fala non inglesa Oscar 1963

Martes 26 e sábado 23 de xaneiro

## **GIULIETTA DOS ESPIRITOS**

(Giulietta degli spiriti, 1965, 148')

Con Giulietta Masina, Sandra Milo

Giulietta, que dubida da fidelidade e do amor do seu marido, acode a reunións espiritistas buscando consello e agardando un sinal que lle amose que seu marido aínda sente agarimo por ela e que pode recuperalo.

## PETÍS NUMAX



### **SOLAN & ERI, MISIÓN Á LÚA**

**PASES ÚNICOS 3 e 17 XAN**

**Rasmus A. Sivertsen, 80', ESP, VE, +5**

50 anos despois da mítica chegada do ser humano á Lúa, Solan e Eri embárcanse nunha aventura espacial para dar o segundo paso sobre a lúa. Coa axuda de seu amigo inventor e de enxeñosas ferramentas, conseguirán construír a súa nave e chegar ao espazo?



### **OURO EN BARRAS**

**PASES ÚNICOS 10 e 24 XAN**

**Charles Crichton, 81', 1951, ING, VOSE, +7**

O tímido Henry Holland encárgase de supervisar o traslado dos cargamentos de ouro do banco inglés no que traballa. Farto da súa anódina vida, traza un enxeñoso plan para levar a cabo un espectacular roubo.

**🏆 2 nominacións Oscar 1952**

## **OS OLLOS VERDES**

O cinema inédito de NUMAX



### **LAS MIL Y UNA**

**PASES ÚNICOS 18 E 25 XAN**

**Clarisa Navas, 120', ESP, VO, +16**

Con Sofia Cabrera, Ana Carolina García

Iris, de 17 anos, foi expulsada da escola e pasa días e noites coas súas curmás, en cuartos estreitos, xogando co seu móbil ou nas rúas baleiras da cidade. Cando Renata entra en escena, Iris queda fascinada e axiña comezan a coquetear.

**🏆 Sección Oficial Mar del Plata 2020**

## **INFORMACIÓN XERAL DE HIXIENE E PROTECCIÓN:**



Lava as mans con xel hidroalcohólico ao entrar no local



Se esbirras ou tuses, cubre a boca e o nariz co cóbado flexionado



Mantén un mínimo de 1,5 metros de distancia na cola do cinema



Emprega a máscara hixiénica



Entre sesións limpamos e desinfectamos as butacas e as superficies de contacto da sala e os aseos



Entre sesións renovamos o aire da sala

## **RESERVA DE ENTRADAS E ACCESO Á SALA:**



Recomendamos que merques a entrada anticipada en numax.org para axilizar o acceso á sala



A cola de acceso ao cinema farase fóra do local mantendo sempre a distancia recomendada



As portas de NUMAX abren 10 minutos antes de cada sesión



A billeteira do cinema abre 10 minutos antes de cada sesión. Agradecemos que pagues coa tarxeta contactless ou co móbil



Valida a túa entrada no punto de lectura de códigos QR



Ao remate da sesión, procura saír de maneira ordenada e mantendo a distancia de seguridade

---

## HORARIOS

### **Librería**

De luns a sábado  
de 10:30 a 14:00  
e de 16:00 a 20:30

### **Cinema**

Consultar carteleira.

**A billeteira abre 10 minutos  
antes do inicio de cada sesión.**

Pódense mercar entradas  
anticipadas na nosa web

**[www.numax.org](http://www.numax.org)**

---

# NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo  
Santiago de Compostela  
[www.numax.org](http://www.numax.org)

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

---

   Síguenos en @numaxcoop